

ACTA DO XURADO DO IX CONCURSO BALBINO DE RELATOS

No Pazo de San Roque, en Santiago de Compostela, o 10 de setembro do 2024, reuniuse o xurado do IX Concurso Balbino de Relatos, constituído por Rosalía Morlán, en calidade de presidenta, Carlos Loureiro, Xosé Manuel Lobato e Fernando González Graña, como vogais, e Armando Requeixo actuando como secretario.


Logo da pertinente deliberación, o xurado decidiu outorgar por maioría o premio do concurso ao orixinal presentado baixo o título *O meigallo dos soños* e lema 'O trasno'. Aberta a plica, o texto resultou ser da autoría de Juan José Lamelas Caneiro.

O xurado destacou nesta conxunto de relatos a súa variedade temática e a axeitada inserción de tramas nas que o detectivesco e o histórico se dan a man cos relatos de natureza máis telúrica, onde o mundo dos nosos labregos e mariñeiros adquire carácter protagonista.


Tamén salientou a súa solvencia nos diálogos e descrições, a través das diferentes narracións que se nos propoñen componse un amplo mosaico de personaxes que, de seguro, atraparán o interese do lectorado.

Tamén si, o xurado quere significar e agradecer o esforzo de Edicións Fervenza (que será o responsable da publicación da obra gañadora) fai para que este certame sexa unha realidade, empeño no que conta coa colaboración da Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a Deputación de Pontevedra e os concellos de Vila de Cruces, Boqueixón e Silleda, así como co apoio da Fundación Xosé Neira Vilas.

Asinan a presente, no día e lugar amentados



Rosalía Morlán
Presidenta




Carlos Loureiro
Vogal



Xosé Manuel Lobato
Vogal



Fernando González Graña
Vogal



Armando Requeixo
Secretario